



IV. ENTIDADES LOCAIS

IV. ENTIDADES LOCALES

Esgos

O Pleno do Concello de Esgos, en sesión extraordinaria do día 25 de agosto de 2023, aprobou as bases reguladoras de axudas á natalidade para o ano 2023. Para os efectos oportunos, mediante Resolución da Alcaldía do 29 de agosto de 2023, aprobouse a correspondente convocatoria conforme ás seguintes cláusulas:

Primeiro. Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto regular a convocatoria para a tramitación e concesión de subvencións destinadas ao fomento da natalidade no Concello de Esgos.

A finalidade é a concesión de axudas a familias para sufragar os gastos derivados do nacemento, acollemento ou adopción de nenos e nenas do Concello de Esgos.

A axuda consistirá nunha prestación económica de pago único por nacemento, adopción ou acollemento de menores acaecidos no ano 2023, que se outorgará en función do cumprimento dos requisitos establecidos nesta normativa.

Segundo. Gastos subvencionables

Serán subvencionables aqueles gastos destinados á adquisición de artigos para o coidado dos/as menores, tales como:

- Vestimenta, calzado...
- Utensilios de puericultura, artigos de seguridade para o/a bebé.
- Produtos sanitarios, de hixiene e medicamentos.
- Alimentación infantil.
- Cueiros, babeiros, chupetes, cambiador, carriño, mobilia-rio...

Terceiro. Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios/as das axudas que rexen as presentes bases:

- O/a proxenitor/a dun/dunha menor nado/a entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.
- O/a adoptante dun/dunha menor sempre que a constitución da adopción teña lugar entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.
- O/a titor/a dun/dunha menor sempre que a constitución da tutela teña lugar entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.

Cuarto. Requisitos e obrigacións dos/as beneficiarios/as

En todos os casos sinalados no punto anterior, deberanse cumprir as seguintes condicións:

- A persoa solicitante ten que figurar empadroad/a no Concello de Esgos na data da solicitude da axuda e acreditar unha antigüidade no empadramento deste, polo menos, un ano ininterrompido e inmediatamente anterior á presentación da solicitude.
- O/a menor que causa o dereito de axuda ten que constar rexistrado/a no padrón de habitantes do Concello de Esgos na data da presentación da solicitude.
- Cada menor dará dereito á presentación dunha única solicitude.
- A persoa solicitante non poderá ser debedora da Administración Tributaria, Seguridade Social ou a Facenda Municipal.
- Non estar incurso/a en ningún dos supostos de prohibición para a percepción de subvencións que se establece nos artigos

do 10 ao 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As persoas beneficiarias da subvención terán as seguintes obrigacións ante o Concello de Esgos:

- Cumprir o obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto en beneficio dos/as menores, establecidos no punto segundo.
- Someterse ás actividades de control realizadas polo Concello para comprobar a veracidade dos datos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda.
- Comunicarlle ao Concello calquera modificación das circunstancias esixidas para a concesión da axuda.

Quinto. Incompatibilidades

A presente subvención é incompatible con outras concedidas por outros concellos que teñan o mesmo fin público.

A percepción da axuda é compatible con calquera outra coa mesma finalidade concedida polo Estado ou a Comunidade Autónoma de Galicia.

Sexto. Disponibilidade orzamentaria

Para a concesión das axudas convocadas, destínase a cantidade de 1.000 euros, que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 231.489.00 consignadas no Orzamento municipal vixente.

As axudas concederanse por rigorosa orde de presentación ata esgotar o crédito orzamentario asignado. Non se poderá exceder do límite orzamentario.

Sétimo. Contía

A contía das axudas ratearase entre as diferentes solicitudes presentadas, coa contía mínima de 200,00 euros e máxima de 500,00 euros por solicitante, en función do número de solicitudes presentadas, ata esgotar o crédito orzamentario consignado para o efecto.

Oitavo. Solicitudes e documentación

As persoas interesadas deberán presentar a solicitude relacionada no Anexo I e a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, NIE ou pasaporte do/a solicitante.
- b) Fotocopia compulsada do Libro de familia do/a solicitante.
- c) Certificado de nacemento expedido polo Rexistro Civil, en caso de nacementos.
- d) Copia autenticada da resolución xudicial en caso de adopción ou tutela.
- e) Certificación dos datos bancarios onde se pretenda recibir o importe da axuda.

Os servizos administrativos do Concello incorporarán de oficio, durante a instrución do expediente, un certificado de empadramento dos beneficiarios segundo os requisitos especificados anteriormente que inclúa o nado, adoptado ou acolrido.

Noveno. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

Para os efectos de presentar a solicitude, estableceranse dous prazos:

- a) Para aqueles nenos/as nados/as, adoptados/as ou acolridos/as entre o 1 de xaneiro de 2023 e a data de publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia, o prazo será de 15 días naturais, que contarán a partir do día seguinte da súa publicación.
- b) Para aqueles nenos/as nados/as, adoptados/as ou acolridos/as entre o día seguinte da publicación das bases no Boletín

Oficial da Provincia e o 31 de decembro de 2023, o prazo será de 15 días naturais, que contarán desde o día seguinte do nacemento, adopción ou acollemento.

O prazo para a presentación de solicitudes de nenos/nados/as entre o 1 de xaneiro de 2023 ata a data de publicación das bases no Boletín Oficial correspondente será de 15 días naturais, a partir do día seguinte da súa publicación.

No suposto de nenos/as nados/as, adoptados/as ou acollidos/as con posterioridade á publicación das bases, as solicitudes presentaranse no prazo de 15 días naturais desde o nacemento, adopción ou acollemento.

As solicitudes deberán presentarse, debidamente cubertas, no Rexistro Xeral do Concello de Esgos, ou por calquera medio dos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo. Publicidade

A relación das subvencións concedidas publicaranse na Base de Datos Nacional de Subvencións, así como no taboleiro de anuncios e sede electrónica do Concello de Esgos:

(<https://concelloesgos.sedelectronica.gal/>), con expresión da convocatoria, crédito orzamentario, beneficiarios e contías percibidas.

Undécimo. Procedemento de concesión e órganos competentes

A subvención obxecto das presentes bases outorgarase en réxime de concorrencia non competitiva, por non ser necesaria a comparación e prelación das solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, de acordo co que establece o artigo 19.2 da Lei de subvencións de Galicia.

De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non reúne os requisitos sinalados nas presentes bases, requirirase o/a interesado/a para que, no prazo de dez días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, tras a resolución previa que deberá ser ditada nos termos fixados no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

As axudas tramitaranse por un procedemento abreviado, por resolución de Alcaldía, tras o informe previo da Intervención Municipal como órgano instrutor.

A resolución de concesión ou denegación será motivada e quedará constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte.

A modificación de calquera das circunstancias que se tivesen en conta para a concesión destas deberá ser posta en coñecemento do Concello, que poderá dar lugar á modificación da resolución.

Duodécimo. Notificación

1. As notificacións das resolucións dos expedientes e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar, en calquera momento, que as notificacións sucesivas se practiquen ou se deixen de practicar por medios non electrónicos, mediante os modelos normalizados dispoñibles.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario.

Décimo terceiro. Xustificación da subvención e pago

A documentación xustificativa a presentar polo/a beneficiario/a serán as seguintes:

- As facturas orixinais, expedidas a nome da persoa solicitante da axuda e os conceptos deberán aparecer suficientemente claros e descritos para a adecuada verificación da correspondencia cos conceptos subvencionables.

- Copia da receita médica, no seu caso.

- Xustificantes de pago bancario, cando este se realice mediante una transferencia bancaria ou tarxeta.

O pago das axudas efectuarase mediante unha transferencia bancaria a nome da persoa solicitante, tras a xustificación por medio da presentación dos xustificantes detallados no punto anterior.

O prazo de xustificación para os/as solicitantes de menores nados/as, adoptados/as ou acollidos/as será ata o 15 de decembro de 2023.

O prazo de xustificación para os/as solicitantes de menores nados/as, adoptados/as ou acollidos/as desde o 15 ao 31 de decembro será ata o 20 de xaneiro de 2024.

Décimo cuarto. Incumprimento das obrigacións por parte das persoas beneficiarias

1. Se as persoas beneficiarias da axuda non cumprisen coas obrigacións establecidas nas presentes bases, terán que reintegrar a subvención percibida, así como no caso de que se producisen modificacións na súa situación durante o período de solicitude que determinase o incumprimento dos requisitos para ser beneficiario da subvención.

2. No caso de que a xustificación do gasto realizado fose inferior á cantidade da subvención, o importe da axuda será o do gasto xustificado subvencionado.

Décimo quinto. Normativa supletoria

En todo aquilo non recollido nas presentes bases, será de aplicación o disposto na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Esgos, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a súa normativa de desenvolvemento, a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, así como a lexislación aplicable na materia de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo.

(Ver anexo páx. 18)



Anexo I (Solicitud)

Solicitud de axudas a natalidade do Concello de Esgos

Solicitante

Nome e apelidos do/a solicitante: _____

DNI: _____

Enderezo: _____

Correo electrónico: _____

Teléfono: _____

Neno/a (menor que causa o dereito a axuda):

Nome e apelidos: _____

DNI: _____

Enderezo: _____

Neno/a (menor que causa o dereito a axuda):

Nome e apelidos: _____

DNI: _____

Enderezo: _____

Expón:

Que é o/a proxenitor/a dun/dunha menor nacido/a entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.

(o)

Que é o/a adoptante dun/dunha menor sempre que a constitución da adopción teña lugar entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.

(o)

O/a titor/a dun/dunha menor sempre que a constitución da tutela teña lugar entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.

(Marcar o que proceda)

- Que figura empadroadado/a no Concello de Esgos na data da solicitude da axuda e cunha antigüidade de empadramento dun ano ininterrompido e inmediatamente anterior a data de presentación da solicitude.

- Que o/a menor que causa o dereito a axuda está inscrito/a no Padrón de habitantes do Concello de Esgos na data de presentación da solicitude.

- Que cumpre os requisitos establecidos para obter as axudas establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a; esta declaración substituirá a presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social por tratarse de un dos supostos establecidos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Que se compromete ao cumprimento das obrigas que como beneficiario/a da axuda establecen as bases reguladoras.

Solicita:

Que se lle conceda a axuda establecida nas bases reguladoras da convocatoria aprobadas polo Pleno do Concello de Esgos o 25 de agosto de 2023.

Documentación que achega:

a) Fotocopia do documento nacional de identidade, NIE ou pasaporte do/a solicitante.

b) Fotocopia compulsada do libro de familia do/a solicitante.

c) Certificado de nacemento expedido polo Rexistro Civil, en caso de nacementos.

d) Copia autenticada da resolución xudicial no caso de adopción ou tutela.

e) Certificación dos datos bancarios onde se pretenda recibir o importe da axuda

(Marcar o que proceda).

Esgos, __ de _____ de 2023

Sinatura do/a interesado/a

--

El Pleno del Ayuntamiento de Esgos, en la sesión extraordinaria realizada el día 25 de agosto de 2023, aprobó las bases reguladoras de las ayudas a la natalidad para el año 2023. A los efectos oportunos, mediante Resolución de la Alcaldía de 29 de agosto de 2023, se aprobó la correspondiente convocatoria de acuerdo con las siguientes cláusulas:

Primero. Objeto

Las presentes bases tienen por objeto regular la convocatoria para la tramitación y concesión de subvenciones destinadas al fomento de la natalidad en el Ayuntamiento de Esgos.

La finalidad es la concesión de ayudas a familias para sufragar los gastos derivados del nacimiento, acogimiento o adopción de niños y niñas del Ayuntamiento de Esgos.

La ayuda consistirá en una prestación económica de pago único por nacimiento, adopción o acogimiento de menores acaecidos en el año 2023, que se otorgará en función del cumplimiento de los requisitos establecidos en esta normativa.

Segundo. Gastos subvencionables

Serán subvencionables aquellos gastos destinados a la adquisición de artículos para el cuidado de los/as menores, tales como:

- Vestimenta, calzado...
- Utensilios de puericultura, artículos de seguridad para el/la bebé.
- Productos sanitarios, de higiene y medicamentos.
- Alimentación infantil.
- Pañales, baberos, chupetes, cambiador, carrito, mobiliario...

Tercero. Beneficiarios/as

Podrán ser beneficiarios de las ayudas que rigen las presentes bases:

- El/la progenitor/a de un/a menor nacido/a entre el 1 de enero y el 31 de diciembre de 2023.
- El/la adoptante de un/a menor siempre que la constitución de la adopción tenga lugar entre el 1 de enero y el 31 de diciembre de 2023.
- El/la tutor/a de un/a menor siempre que la constitución de la tutela tenga lugar entre el 1 de enero y el 31 de diciembre de 2023.

Cuarto. Requisitos y obligaciones de los/as beneficiarios/as

En todos los casos señalados en el punto anterior, se deberán cumplir las siguientes condiciones:

- La persona solicitante tiene que figurar empadronada en el Ayuntamiento de Esgos en la fecha de la solicitud de la ayuda y acreditar una antigüedad en el empadronamiento de este, por lo menos, un año ininterrumpido e inmediatamente anterior a la presentación de la solicitud.
- El/la menor que causa el derecho de ayuda tiene que constar inscrito/a en el padrón de habitantes del Ayuntamiento de Esgos en la fecha de la presentación de la solicitud.
- Cada menor dará derecho a la presentación de una única solicitud.
- La persona solicitante no podrá ser deudora de la Administración Tributaria, Seguridad Social o la Hacienda Municipal.
- No estar incurso/a en ninguno de los supuestos de prohibición para la percepción de subvenciones que se establece en los artículos del 10 al 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, y de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia.

Las personas beneficiarias de la subvención tendrán las siguientes obligaciones ante el Ayuntamiento de Esgos:

- Cumplir el objeto de la subvención, es decir, realizar el gasto en beneficio de los menores, establecidos en el punto segundo.
- Someterse a las actividades de control realizadas por el Ayuntamiento para comprobar la veracidad de los datos consignados en la documentación presentada, así como el cumplimiento de los requisitos para la percepción de la ayuda.
- Comunicar al Ayuntamiento cualquier modificación de las circunstancias exigidas para la concesión de la Ayuda.

Quinto. Incompatibilidades

La presente subvención es incompatible con otras concedidas por otros ayuntamientos que tengan el mismo fin público.

La percepción de la ayuda es compatible con cualquier otra con la misma finalidad concedida por el Estado o la Comunidad Autónoma de Galicia.

Sexto. Disponibilidad presupuestaria

Para la concesión de las ayudas convocadas, se destina la cantidad de 1.000 euros, que se financiarán con cargo a la aplicación presupuestaria 231.489.00 consignadas en el Presupuesto Municipal Vigente.

Las ayudas se concederán por riguroso orden de presentación hasta agotar el crédito presupuestario asignado. No se podrá exceder del límite presupuestario.

Séptimo. Cuantía

La cuantía de las ayudas se prorrateará entre las diferentes solicitudes presentadas, con una cuantía mínima de 200,00 euros y máxima de 500,00 euros por solicitante, en función del número de solicitudes presentadas, hasta agotar el crédito presupuestario consignado al efecto.

Octavo. Solicitudes y documentación

Las personas interesadas deberán presentar la solicitud relacionada en el Anexo I y la siguiente documentación:

- a) Fotocopia del Documento Nacional de Identidad, NIE o pasaporte del/de la solicitante.
- b) Fotocopia compulsada del Libro de Familia del/de la solicitante.
- c) Certificado de nacimiento expedido por el Registro Civil, en caso de nacimientos.
- d) Copia autenticada de la Resolución Judicial en caso de adopción o tutela.
- e) Certificación de los datos bancarios donde se pretenda recibir el importe de la ayuda.

Los servicios administrativos del Ayuntamiento incorporarán de oficio, durante la instrucción del expediente, certificado de empadronamiento de los beneficiarios según los requisitos especificados anteriormente que incluya al nacido, adoptado o acogido.

Noveno. Lugar y plazo de presentación de solicitudes

A efectos de presentar la solicitud, se establecerán dos plazos:

- a) Para aquellos niños/as nacidos/as, adoptados/as o acogidos/as entre el 1 de enero de 2023 y la fecha de publicación de las bases en el Boletín Oficial de la Provincia, el plazo será de 15 días naturales, que contarán a partir del día siguiente de su publicación.

- b) Para aquellos/as niños/as nacidos/as, adoptados/as, o acogidos entre el día siguiente de la publicación de las bases en el Boletín Oficial de la Provincia y el 31 de diciembre de 2023, el plazo será de 15 días naturales, que contarán desde el día siguiente del nacimiento, adopción o acogimiento.



Las solicitudes deberán presentarse, debidamente cubiertas, en el Registro General del Ayuntamiento de Esgos, o por cualquier medio de los establecidos en el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Décimo. Publicidad

La relación de las subvenciones concedidas se publicarán en la Base de Datos Nacional de Subvenciones, así como en el tablón de anuncios y Sede Electrónica del Ayuntamiento de Esgos (<https://concelloesgos.sedelectronica.gal/info.0>), con expresión de la convocatoria, crédito presupuestario, beneficiarios y cuantías percibidas.

Undécimo. Procedimiento de concesión y órganos competentes

La subvención objeto de las presentes bases se otorgará en régimen de concurrencia no competitiva, por no ser necesaria la comparación y prelación de las solicitudes presentadas que reúnan los requisitos establecidos, de acuerdo con lo que establece el artículo 19.2 de la Ley de Subvenciones de Galicia.

De conformidad con lo establecido en el artículo 68 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, si la solicitud no reúne los requisitos señalados en las presentes bases, se requerirá al/a la interesado/a para que, en el plazo de diez días, subsane la falta o acompañe los documentos preceptivos, con indicación de que, si así no lo hiciera, se le tendrá por desistido de su petición, tras la resolución previa que deberá ser dictada en los términos que establece el artículo 21 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Las ayudas se tramitarán por un procedimiento abreviado, por resolución de Alcaldía, previo informe de la Intervención Municipal como órgano instructor.

La resolución de concesión o denegación será motivada y quedará constancia en el expediente de los fundamentos de la resolución que se adopte.

La modificación de cualquiera de las circunstancias que se tuvieran en cuenta para la concesión de estas deberá ser comunicada al Ayuntamiento, que podrá dar lugar a la modificación de la resolución.

Duodécimo. Notificación

1. Las notificaciones de las resoluciones de los expedientes y actos administrativos se practicarán preferentemente por medios electrónicos. Las personas interesadas podrán decidir y comunicar en cualquier momento que las notificaciones sucesi-

vas se practiquen o se dejen de practicar por medios no electrónicos, mediante los modelos normalizados disponibles.

2. La persona interesada deberá manifestar expresamente la modalidad escogida para la notificación (electrónica o en papel) en el formulario.

Decimotercero. Justificación de la subvención y pago

La documentación justificativa a presentar por el beneficiario serán las siguientes:

- Las facturas originales, expedidas a nombre de la persona solicitante de la ayuda y los conceptos deberán aparecer suficientemente claros y descritos para la adecuada verificación de la correspondencia con los conceptos subvencionables.

- Copia de la receta médica, en su caso.

- Justificantes de pago bancario, cuando este se realice mediante transferencia bancaria o tarjeta.

El pago de las ayudas se efectuará mediante transferencia bancaria a nombre de la persona solicitante, tras la justificación por medio de la presentación de los justificantes detallados en el punto anterior.

El plazo de justificación para los solicitantes de menores nacidos/as, adoptados/as o acogidos/as será hasta el 1 de diciembre de 2023.

El plazo de justificación para los/as solicitantes de menores nacidos/as, adoptados/as o acogidos/as desde el 15 al 31 de diciembre será hasta el 20 de enero de 2024.

Decimocuarto. Incumplimiento de las obligaciones por parte de las personas beneficiarias

1. Si las personas beneficiarias de la ayuda no cumplieren con las obligaciones establecidas en las presentes bases, tendrán que reintegrar la subvención percibida, así como en el supuesto de que se produjesen modificaciones en su situación durante el periodo de solicitud que determinase el incumplimiento de los requisitos para ser beneficiario de la subvención.

2. En el supuesto de que la justificación del gasto realizado fuese inferior a la cantidad de la subvención, el importe de la ayuda será el del gasto justificado subvencionado.

Decimoquinto. Normativa supletoria

En todo aquello no establecido en las presentes bases, será de aplicación lo dispuesto en la Ordenanza General de Subvenciones del Ayuntamiento de Esgos, Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, su normativa de desarrollo, Ley 9/2007, de subvenciones de Galicia, así como la legislación aplicable en la materia de régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo.

(Ver anexo pág. 21)



Anexo I (Solicitud)

Solicitud de axudas a natalidade do concello de Esgos

Solicitante

Nombre y apellidos del/de la solicitante: _____

DNI: _____

Domicilio: _____

Correo electrónico: _____

Teléfono: _____

Niño/a (menor que causa el derecho a la ayuda):

Nombre y apellidos: _____

DNI: _____

Domicilio: _____

Niño/a (menor que causa el derecho a la ayuda):

Nombre y apellidos: _____

DNI: _____

Domicilio: _____

Expone:

Que es el/la progenitor/a de un/a menor nacido/a entre el 1 de enero de 2021 y el 31 de diciembre de 2023.

(o)

Que es el/la adoptante de un/a menor siempre que la constitución de la adopción tenga lugar entre el 1 de enero y el 31 de diciembre de 2023.

(o)

El/la tutor/a de un/a menor, siempre que la constitución de la tutela tenga lugar entre el 1 de enero y el 31 de diciembre de 2023.

(Marcar lo que proceda)

1. Que figura empadronado/a en el Ayuntamiento de Esgos en la fecha de la solicitud de la ayuda y con una antigüedad de empadronamiento de un año ininterrumpido e inmediatamente anterior a la fecha de presentación de la solicitud.

2. Que el/la menor que causa el derecho a la ayuda está inscrito/a en el Padrón de habitantes del Ayuntamiento de Esgos en la fecha de presentación de la solicitud.

3. Que cumple los requisitos establecidos para obtener las ayudas que establece el artículo 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, para obtener la condición de beneficiario/a, sustituyendo esta declaración a la presentación de certificaciones en la acreditación del cumplimiento de las obligaciones tributarias y de la Seguridad Social por tratarse de uno de los supuestos establecidos en la letra e) del artículo 31.7 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia.

4. Que se compromete al cumplimiento de las obligaciones que como beneficiario/a de la ayuda establecen las bases reguladoras.

Solicita:

La concesión de la ayuda establecida en las bases reguladoras de la convocatoria aprobadas por el Pleno del Ayuntamiento de Esgos el 25 de agosto de 2023.

Documentación que aporta:

a) Fotocopia del documento nacional de identidad, NIE o pasaporte de la persona solicitante.

b) Fotocopia compulsada del Libro de Familia de la persona solicitante.

c) Certificado de nacimiento expedido por el Registro Civil, en caso de nacimientos.

d) Copia autenticada de la resolución judicial en caso de adopción o tutela.

e) Certificación de los datos bancarios donde se pretenda recibir el importe de la ayuda

(Marcar lo que proceda)

Esgos, __ de _____ de 2023

Firma del/de la interesado/a